

## Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación na materia de Cultura Clásica para o vindeiro curso escolar serán os seguintes:

**1-** Unha proba escrita obxectiva que contará un 60% na nota global da materia.

Cada alumno ou alumna deberá superar os estándares de aprendizaxe imprescindibles marcados en cada unidade para poder obter unha cualificación de apto na referida unidade. A non superación destes mínimos implica que non se seguirá correxindo o exame e polo tanto terá que repetilo. Para poder aprobar, terá que realizar unha proba de recuperación que se lle fará xunto coas posibles outras unidades non aptas, antes do final de cada trimestre.

**2-** O 40% restante da cualificación global da nota alcanzarse valorando os seguintes aspectos da maneira que abaixo se detalla.

Instrumentos:

1. Observación do caderno 5%: Mantívose a organización, a orde e a limpeza, tanto nos apuntamentos coma na realización das actividades?
2. Rexistro de xestión e organización 5%: incluíu no seu caderno correccións e aclaracións sempre que foi necesario?
3. Rexistro do traballo diario 5%: Ten as tarefas feitas e leva o material necesario á sesión?
4. Rúbrica de expresión oral 5%: A información que transmite é correcta e centrada no tema?
5. Rúbrica de utilización de ferramentas dixitais 5%: Intenta afondar nos seus coñecementos sobre a materia buscando información en internet?
6. Rúbrica de traballos escritos 5%: O contido do traballo está ben estruturado e non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo?
7. Rúbrica para avaliar a actitude na aula 5%: aproveita o tempo na aula e traballa de forma eficaz?
8. Rúbrica para avaliar o traballo cooperativo 5%: Respecta e valora aos seus compañeiros e cumpre coas tarefas que se lle encomendaron?